



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

“¿Por qué non cantas, Elena,
ai, á sombra de unha nogheira?”

“Porque meu pai era morto
í o meu marido vai na gherra.”

“¿Cuánto tu deras, Elena,
ai, a quen cho aiquí troughera?”

“Dera ouro, dera prata,
ai dera, todo o que tivera.”

“¿Cuánto más deras, Elena,
ai, a quen cho aiquí troughera?”

“De tres carneiradas que teño
ai, alá no alto da serra.

Esas tres carneiradas, Elena
que andaban no alto da serra
nelas a escoller che eu dera.”

“Esas carneiradas, Elena
ai, tempo hai que miñas eran.”

“Dunha vacada que teño
nela a escoller che eu dera.”

“Esa vacada, Elena,
ai, tempo hai que miña i-era.”

“¿Cuánto más deras, Elena,
ai, i-a quen cho eiquí troughera?”

“De tres hijas que tengo
ai, nelas a escoller che eu dera.”

“Esas tres hijas, Elena,
ai, tempo hai que miñas eran.”

“Si tu ere-lo meu marido
ai, non me estías dando a gherra.”

I aquí se acabou la historia
ai, daquela infeliz mujer.

I que hablando con su marido
ai, no lo pudo conocer.